



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 2682 / RX 299990

Data 10/03/2015 09:05:01

galicia



Ref.: RX322707

Asunto: resposta a escrito de denuncia ambiental (poda do Eucalipto do Maná da Casa de Ordax, Lugo).

En relación con seu escrito con rexistro de entrada 25171/RX 322707 (de data 18/02/2015), no que se solicita información acerca dunha poda efectuada sobre o exemplar referido (*Eucalipto do Maná da Casa de Órdax*), que figura incluído co código 47A no Catálogo galego de árbores senlleiras, **infórmase do seguinte:**

1. En relación ao cumprimento do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, indicar que de acordo co artigo 9.4 desta norma resulta factible autorizar podas de exemplares de árbores senlleiras cando exista un perigo para a seguridade das persoas. Neste caso concreto mediaban escritos da *Agencia Estatal de Seguridad Aérea* (AESPA), do Ministerio de Fomento, que notificou á Dirección Xeral de Conservación da Natureza que o dito exemplar incumpe a normativa establecida para a servidume aeronáutica asociada ao aeródromo de Rozas, cualificando a permanencia do exemplar coas características dendrométricas anteriores á poda como problema grave para a aviación. En concreto o exemplar superaba en altura a superficie de subida de despegue da pista 04 do aeródromo, a superficie de aproximación da pista 22 e a superficie horizontal interna, o que constituía un risco significativo para as operacións de despegue.
2. Previamente á autorización desta poda avaliouuse a posibilidade de adopción de medidas alternativas que non implicasen a eliminación do exemplar. Para avaliar as posibilidades de intervención, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza solicitou un informe ao Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, da Consellería do Medio Rural e do Mar. O informe emitido considera factible a poda da árbore.
3. Finalmente, no ano 2013 (data de rexistro de saída do 05/03/2013), a Dirección Xeral de Conservación da Natureza autorizou a poda do exemplar de xeito que se elimine o risco potencial que representaba para a seguridade das persoas e ás actividades do aeródromo de Rozas. No Decreto 67/2007, do 22 de marzo, non se establece que sexa preceptivo o informe previo do Comité de árbores senlleiras para a autorización dunha poda xustificada polo risco para a seguridade das persoas. En base á xustificación recollida no informe referido do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, na autorización ditada estableceuse unha altura máxima de poda de 18 m.



4. Indicar así mesmo que en aplicación do Decreto 67/2007, non existe a necesidade de contar cun informe técnico municipal nin da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a emisión da correspondente autorización de poda do exemplar.
5. Por último, e en relación á valoración técnica da situación actual desta árbore tras a poda, indicar que desde os servizos técnicos desta Dirección Xeral estase a valorar a situación do exemplar.

En Santiago de Compostela a 10 de marzo de 2015

A subdirectora xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas

Susana Cuesta Fariña



ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)
TRAVEZA DOS BASQUIÑOS 9, BAIXO
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

